



Elos é un programa que creou e mantén o Concello de Santiago, desde o Departamento de Lingua Galega, para incentivar e facilitar a transmisión natural do noso idioma entre persoas que queren colaborar voluntariamente e persoas que se están achegando ao galego desde outras linguas. Elos establece parellas lingüísticas que se comprometen a conversar en galego, cando menos, unha hora á semana.

A iniciativa naceu vinculada aos obradoiros de acollemento lingüístico, concibidos como un achegamento inicial á lingua e á cultura de Galicia. Foi o propio alumnado quen expuxo o complicado que resulta consolidar e desenvolver as destrezas adquiridas debido á dificultade para se relacionar en galego unha vez rematada a formación.

Unha das queixas máis reiteradas é que as persoas galegofalantes, ao advertiren que a súa interlocutora non é galega, pasan inmediatamente ao castelán, mesmo cando a persoa de fóra manifesta expresamente o seu desexo de que lle falen na lingua propia do país.

Nun destes obradoiros, en 2021, como parte dun exercicio da clase o alumnado creou unha campaña co lema "Fálame galego, quero

aprender". A campaña incluía un vídeo que acabou sendo a base para o posterior audiovisual de lanzamento do proxecto Elos. Este mesmo lema loce nunha das chapas que se agasallan ás persoas que se anotan ao programa.

O proxecto, sinxelo pero eficaz, ofrece a oportunidade de que contacten e se coñezan persoas que están dispostas a dedicar tempo ao intercambio lingüístico.

Comezou a funcionar a mediados de 2021 e ao remate de 2023 superara as 250 inscricións.

Que obxectivos se perseguen?

- Ofrecer unha opción para a aprendizaxe informal da lingua a persoas que non contan cunha rede social que llelo poida facilitar.
- Completar a oferta formativa existente.
- Canalizar o interese de moitas persoas por colaborar voluntariamente coa extensión do uso do galego.
- Contribuír á valoración e o prestixio da lingua facendo patente o interese que esperta en persoas doutras comunidades e demostrando a súa utilidade como vía para a integración social.
- Achegar unha ferramenta de integración social a través do galego.
- Contribuír ao intercambio de palabras pero tamén de experiencias, puntos de vista ou tradicións entre diferentes culturas.

Que é unha parella lingüística?

Dúas persoas que quedan para conversar. Unha quere aprender a falar galego, ou quere mellorar a súa competencia nesta lingua. A outra colabora para ensinalle.

Quen pode participar?

- Calquera persoa maior de idade, de aquí ou de fóra, que queira aprender e practicar o galego oral.
- Calquera persoa que saiba falar galego e teña a vontade de axudar a outras persoas na aprendizaxe e mellora da súa competencia lingüística.

Que se lles pide ás persoas que se inscriben?

O compromiso que se lles require ás persoas participantes no programa é que dediquen, cando menos, unha hora á semana a conversar coa súa parella lingüística. Poden facelo presencialmente ou a través dalgunha plataforma en liña.

Ademais, solicítaselles que comuniquen ao programa se suspenden temporal ou definitivamente os intercambios e tamén se desexan, por calquera razón, atopar unha nova parella lingüística.

Que lles ofrece o programa?

A partir da información que facilitan na inscrición, o programa busca os emparellamentos que poidan resultar máis compatibles en canto a horarios, forma de contacto (presencial ou virtual), idade, intereses

etc. Deste xeito é doado atopar a parella lingüística máis adecuada e, mesmo, ampliar o círculo de amizades.

Participar nun programa destas características é unha forma motivadora e fácil de adquirir maior competencia lingüística para os novos falantes, mais tamén é un acicate para coidar e mellorar a calidade do idioma das persoas galegofalantes que se suman a colaborar.

O contacto que facilita o programa Elos entre persoas de diferentes procedencias resulta tamén atractivo para coñecer outras culturas e outros lugares a través da conversa coas persoas que se achegan ao galego desde calquera lugar do mundo.

Ademais, ás persoas galegofalantes pregúntaselles se desexarían practicar outro idioma e ás non galegofalantes se están en condicións de axudar a practicar outro idioma. Isto constitúe un aliciente para a participación das persoas galegofalantes xa que, cando se dá o caso, ven tamén recompensada a súa dispoñibilidade coa práctica doutra lingua do seu interese.

O método que se emprega para establecer as parellas lingüísticas permite que o primeiro contacto se realice con certa seguridade e protección dos datos persoais.

A coordinación do programa encárgase tamén de realizar un seguimento das parellas e de ofrecerlles apoio e información sobre a lingua ou outras iniciativas que lles poidan resultar de interese.

Elos fornece, alén de todo o anterior, outras oportunidades para ampliar o contacto entre as persoas participantes e a práctica da

lingua en actividades grupais, que pretenden ser un agasallo para as persoas inscritas: visitas guiadas para coñecer a cidade e o seu patrimonio, entradas para concertos ou outras actividades culturais...

Como é o procedemento para participar no programa?

Para participar só é necesario cubrir a inscrición, segundo o caso:

[PARA PERSOAS QUE QUEREN APRENDER](#)

[PARA QUEN FALA GALEGO E QUERE COLABORAR](#)

Cos datos do formulario (información sobre competencias lingüísticas, forma preferida para manter as conversas, dispoñibilidade horaria e intereses) búscanse emparellamentos máis compatibles e concértase un encontro.

Ese primeiro encontro realízase coa mediación dunha persoa coordinadora e preferentemente presencial (no Departamento de Lingua Galega / Espazo Apego, na rúa da República do Salvador, 12). Non intercambiaremos ningún dato persoal ata que as dúas persoas confirmen que aceptan o emparellamento. Se non é posible combinar o encontro presencial, como está a ocorrer con persoas que participan desde outros países, concértase unha cita virtual a través dunha plataforma en liña.

Unha vez que as dúas persoas se coñecen déixanse soas para que conversen un anaco e comprobén que poden ser compatibles. Cando consideran rematada esta primeira conversa (non se establece un tempo determinado), se aceptan a proposta de parella cobren un

formulario para autorizar o intercambio de datos e, a partir de aí, o seu funcionamento é autónomo.

Que difusión se realiza?

A divulgación do programa combina o envío de información a colectivos e persoas directamente atinxidas, coa publicidade aberta en redes e tamén presencial.

- Envíos de información ás asociacións e outras organizacións que traballan ou agrupan persoas inmigrantes.
- Envío de información a entidades implicadas no proceso de normalización da lingua.
- Envío de información a persoas que se interesan por actividades de formación lingüística.
- Envío de información á Escola de Idiomas.
- Envío de información ao Servizo de Normalización Lingüística da Universidade que, pola súa vez, a fai chegar á súa comunidade a través das comisións de normalización e outras vías.
- Distribución de carteis e folletos informativos pola cidade.
- Publicación da información na web do Departamento de Lingua: delingua.santiagodecompostela.gal/elos.
- Roldas de prensa e notas informativas.
- Publicacións nas redes sociais do Departamento de Lingua (Facebook, Instagram e Youtube).
- Difusión indirecta grazas á colaboración doutras organizacións ou entidades (LGx15, CTNL, SNL-USC, CDSG...)

Que recursos emprega?

Para realizar as tarefas de coordinación dos emparellamentos, apoio ás persoas participantes, organización das actividades complementarias e difusión contratouse a empresa Fabaloba.

Deseñouse unha imaxe do programa que consiste no seu propio nome, cunha tipografía que alude aos elos dunha cadea que se enganchan, cada un da súa cor como referencia á variedade de procedencias das persoas participantes.

Editáronse os seguintes materiais:

- Chapas
- [Cartel](#)
- [Folleto en galego](#) e [en inglés](#)
- Vídeos protagonizados por participantes reais que explican o programa e transmiten a súa experiencia:
 - [2021](#)
 - [2022](#)
 - [2023](#)



Dedicouse o seguinte orzamento a este programa:

2021: 6.171 €

2022: 5.602,3 €

2023: 7.260 €

2024: 5.445 €

Que avaliación podemos facer do resultado?

Datos de inscricións ata o 31 de decembro de 2023:

- 139 persoas que queren aprender
- 119 persoas voluntarias para ensinar
- 80 parellas activas (das cales seis son en liña por residir algún dos membros fóra de Galicia: Chile, Estados Unidos, Andalucía, Valencia, Madrid e Alemaña).
- 11 persoas abandonaron o programa

O resto están pendentes de emparellamento, suspenderon temporalmente a participación, a súa inscrición foi rexeitada (2 casos por non alcanzar a idade mínima) ou non foi posible contactar porque os datos facilitados eran incorrectos (1 caso).

A través de diferentes contactos, moitas das persoas participantes manifestaron a súa satisfacción coa experiencia e tamén co propio servizo que se lles presta. A participación voluntaria nos vídeos divulgativos tamén testemuña a utilidade do proxecto.